

## UNHA POMPA DE CHICLE

ANA RODRÍGUEZ BORREGO

– Véxote moi ben desde acá, Loiro.

Volvera facer aquel xesto seu tan peculiar: calculou o espacio, xirouse, e deixou que as súas costas se cambasen vagorosamente ata que os seus brazos a frearon, e entón as súas pernas de maneira consecutiva, para chegar ata el sen ter que andar, aínda que se mantivo durante uns segundos boca abaixo para facerse notar, a pesar de que non o preci-saba: a actitude relaxada coa que o facía abundaba.

Pris sorría, pero era raro o momento do día que non o facía.

O Loiro botábaa de menos, quería imaxinala facendo viravoltas polos tellados daquela cidade onde se sentía extraño.

Non era algo tan descabelado. Tóda a súa relación baseábase no que imaxinaba sobre ela, e non era a primeira vez que a vía nos seus sonhos facer acrobacias sobre unha vertixinosa cornixa, ou sobre a inestable aresta dun tellado. Facíao ben, era o seu sonho, aínda que todo sucedese hi-potéticamente mentres estaba desperto.

Agora, a máis de dous mil kilómetros de distancia, agora que as cousas non se podían falar face a face porque estaban separados por unha gran extensión de terra, decidía que lle tiña que plantear a Pris a súa amizade. Se tan só tivese o un por cento da ousadía de Pris, bastaríalle para dicir todo o que sentía, que era moito máis que mero aprezo cara á súa persoa.

¡Plaf! Aquela pompa de chicle estoupáralle sobre os beizos de Pris, pero desde o principio, cando ela comenzou a soplar, e a goma de remoer foi dando de si, facéndose cada vez máis fina, a medida que medraba, adoptando un tamaño considerable, o

Loiro sentíuse baixo a vontade de Pris, coma ese chicle, que medrou canto ela quixo.

A penas lembraba como a coñeceu, pero parecíalle o de menos, porque seguro que ela o lembraría con todo detalle e ata sabería a impresión que lle producira. Seguro que ó terceiro día que se viron foi tan bobo que llo confesou.

– Lémbreme a Felipito, o amigo de Mafalda.

En certo modo, iso doeulle un pouco, pensando que tiña os dentes igual que aquel debuxo, coma un coello. Sentíuse ridículo e quiso agacharse, ante unha previsible marca de éxito.

– Só no cabelo. Os dous tédelo de punta. Nunca vira un rapaz loiro co cabelo tan duro.

Deulle unha extraña explicación de peiteadora que só durou uns segundos, porque viu que a ningún dos dous lles interesaba o asunto. Ela non se dedicaba a iso, e el non se preocupaba polo cuidado do seu físico.

A partir de entón, cada vez que o vía, Pris esfregaba a súa man sobre o seu cabelo, porque lle recordaba ó tacto dun cepillo de bebé. O Loiro encollíase, para lle facilitar aquel detalle, cun sorriso iluso e inxenuo, co que agradecía ese «agarimo».

Tódolos seus paseos acababan no céspede, cando facía bo tempo. O Loiro deitábase e Pris quedaba sentada, coas pernas estiradas ó pé del. Deixáballe a mochila para que encostase a súa cabeza.

Entón non cesaba de observala. Era difícil que se mantivese queda: cada certo tempo, levantábase e facía unha reviravolta. E era naqueles momentos cando a súa imaxinación voaba con máis frecuencia. Case sempre o miraba por un intre cando estaba de pé, antes de sentarse.

– Es tan bo rapaz.

Sorría agradecido, pero cría que iso era o impedimento principal para que eles dous non chegasen a un contexto íntimo. Pensaba que se o tiña en tan alta estima, esa imaxe impediríalle aproveitarse del.

Pris tiña o cabelo crecho, cheo de mechas azuis, e sempre algúns dos seus cabelos lle cubrían a face. Sorríalle e naquel momento soñaba que se aproximaba a ela, para apartarlle aqueles bucles rebuldeiros que se empeñaban en amocala. Os seus narices chocaban, Pris sorría, coma era normal nela, e os seus ollares cruzábanse, coma sucedía habitualmente, cunha complicidade pouco común, porque o ollar do Loiro parecía amedrontarse ante os ollos brillantes daquela rapaza.

Pris lambía os beizos, porque os tiña resecos, cun certo desinterese premeditado, facíao tamén cos seus, aínda que só fose un chisco, o xusto para que aquela se parecece ó choque dos seus narices. Foi capaz de responder e bicouna. Pris aloumiñáballe a face e o Loiro sentíase no ceo porque ela se aproveitaba da súa indefensión: apresáralle sentándose escarranchada sobre el mentres continuaba bicándoo. Os seus cabelos facíanlle cóxegas na face, e as súas mans desasosegábanlle ó arrefeigarlle o xersei.

O Loiro notou como o seu ventre se contraía ó colocar os seus dedos no terreo que quedaba ó descuberto entre os seus vaqueiros e a camiseta.

– Oe, ti, ¡qué tarde é! Témonos que ir.

Todo fora un soño, e sentiu que se tornaba encarnado, porque seguro que tiña cara de parvo. Pris só estivera arrincando pequenas follas de herba mentres estaba sentada.

– Só son catro meses.

– ¿E se te esqueces de min?

– Iso é imposible. Nunca atoparei unha rapaza tan fantástica coma ti.

– A miña vida sen ti fáiseme imposible.

– Pris, vou volver. (Mais só somos amigos)

– Se te esqueces de min, morrerei.

A derradeira noite que estivo alí pasouna con ela. Pris estaba medoña, e para non o sentir ningún dos dous, fóronse a un garito escuro, onde non se puidese ver a tristura de Pris.

Non querían falar e pasaron toda a noite bailando as cancións lentas e melancólicas que soaban. Pris abrazouse a el, e pousou a súa cabeza so o seu ombro. En máis dunha ocasión, o Loiro notou que as súas costas se humedecían.

Miráronse por última vez, a última antes da seguinte. O Loiro quería levar a lembranza da súa cara e tivo que conseguilo suxeitándoa entre as mans. Era a primeira vez que a loumiñaba aquelas meixelas que tanto desexara.

Pris pechaba os ollos e deixaba a súa boca ó descuberto.

Pris facendo viravoltas. Era a lembranza feliz que de ela tiña. Pris cos ollos pechados e os beizos entreabertos, recendendo desexo. Foi a última vez que a viu e aquela imaxe era a mostra máis evidente de que, en todo o tempo que foran amigos, non se dixeron todo. Conformáranse con terse cerca o un do outro.

Transcurrira un día naquel país extraño. Un día menos para volver vela, cun sorriso, retando ó equilibrio das cousas.

*Pris no llores más  
que yo recordaré tu nombre  
Cuando todos nos hayamos marchado  
Nadie recordará que estuvimos aquí  
Los juguetes no tienen alma ni memoria  
Pero sonreirás de nuevo cuando me veas venir  
Recordaré tu silueta  
cuando dabas volteretas*

*Canción para Pris, Los Piratas*